

# UNHA PLATAFORMA PARA UN SAR CON VIDA

Xosé M. Penas Patiño\*

Como cada mañá antes de marchar ao traballo Xan achegouse ata o río. Coñecía o Sar desde neno, pois cos amigos da aldea tiña que pasar a carón del cada vez que ía á escola. Alí onde as augas paraban, entre xuncos, centos de troitas mortas mostraban o bandullo ao sol. Non era a primeira vez, nin a segunda. E xa non era nin a primeira, nin a segunda vez, que o tiñan comentado na taberna de Arturo. O río era parte deles mesmos e sentían a desfeita en carne propia. Sen máis voltas, Xan pensou en falar con xente doutras aldeas e en crear una asociación. Así o fixo con amigos de Brión, da Gandariña ou de Padrón, e tamén coa Asociación de veciños de Conxo Doutor Maceira, co Club de sendeirismo Vía Láctea, co Colectivo Remonte, coa Sociedade de Caza e Pesca padronesas e co Club de pesca deportiva Londra de Rois. ADEGA tamén estivo apoiando desde o primeiro momento. A nova asociación recibiu o nome de Plataforma pola Recuperación do Sar.

## QUE SABEMOS DO SAR?

O Sar é pequeno pois son só 39 km antes de incorporarse ao Ulla. Aproveita a falla que percorre Galiza de Carballo a Tui, da cal dá fe a presenza de augas sulfurosas nalgún punto do seu percorrido, por exemplo en Seira (Rois). No seu percurso baixo forma "a veiga". É aquí onde se viñan producindo tradicionalmente as cheas que anegaron a vila de Padrón, as últimas, nos anos 1987, 1991 e 2000. Falamos dunha paisaxe galega tradicional con aldeas, campos de labor e masas de arborado que pintan de verde a contorna. Mais, esta "idílica" paisaxe, polo que ao río respecta, non é tal. O Sar é un río moribundo, unha bacía fluvial que presenta problemas graves.

Tan só en Santiago, cen mil habitantes botan ao Sar cada día as augas fecais e as domésticas en xeral, e as utilizadas en todo tipo de actividades comerciais, industriais e agrícolas. As augas usadas chegan á EDAR municipal de Roxos, onde teoricamente son depuradas. Teoricamente, pois para isto os composteláns pagan relixiosamente os recibos que periodicamente lles pasa AQUAGEST, a empresa concesionaria do subministro e da depuración. O Anteproxecto da nova EDAR da Silvouta, asinado polo Secretario de Estado de Medio Rural e Auga en abril de 2010, sinala como carencias: "... o caudal de deseño de 51.600 m<sup>3</sup>/día é superado practicamente todos os días, chegando aos 85.892 m<sup>3</sup>/día en 2006"; tamén a carga contaminante de deseño (6.192 kg DBO<sub>5</sub>/día) é altamente superada, sendo realmente de 10.473 kg DBO<sub>5</sub>/día; e non cumpre os novos condicionantes de vertido, que esixen entre outros, a eliminación de nutrientes (nitróxeno e fósforo)".

Plataforma en defensa do Sar



Un dos múltiples episodios de contaminación sufridos polo río Sar.

Nada máis nacer, o Sar recibe materia orgánica, aceites, deterxentes, lixivias, medicamentos e compresas, plásticos e outros sólidos, ben visibeis cando penduran dos ameneiros en épocas de estiaxe. En ocasións, téñense visto vertidos de sangue procedentes de matoeiros. Estes rexeites tamén veñen do Milladoiro (Ames), confluindo ambos baixo a ponte da Rocha.

Augas abaixo, Bertamiráns, núcleo de forte crecemento nos últimos anos, e o lindeiro concello de Brión, aportan un considerábel volume de augas usadas. A EDAR que dá servizo a ambos os dous municipios hai anos que quedou desbordada na súa capacidade. Ademais de multitude de pequenos aportes, están os dos polígonos da Picaraña, Exlavesa (multada no seu día tras unha denuncia de ADEGA) e Pazos, este último cons-

truído grazas a esa tolerancia ambiental que todo o permite en aras do beneficio de catro e en prexuízo da saúde da poboación. Mais, o que ás augas vai, das augas volve. Os herbicidas, os metais pesados, os medicamentos que incorporamos ao ecosistema fluvial acabarán en parte nesa lamprea de Cesures ou nesa ameixa de Carril. Cando os nosos políticos entenderán que ecoloxía e economía van da man, tamén para eles e para os seus fillos e fillas?

Sorprendentemente, o Sar forma parte da Rede Natura. Falamos do LIC Ulla-Deza. Como entender esta protección pese a súa situación presente? Porque as alteracións non se limitan ao dito. Velaí especies invasoras, por exemplo tartarugas da Florida ou visóns americanos, ou talas de arboredo até a mesma lameira da ribeira.



Arqueta rebentada polas enchentes no Sar.



Moitos dos vertidos contaminantes ao río Sar prodúcense á vista de calquera.

### EN QUE ANDA A PLATAFORMA?

Se somos cidadáns, cidadáns no sentido nado na Revolución Francesa, temos dereito a esixir dos nosos representantes unha xestión correcta dos fondos públicos. A Unión Europea, a través dos fondos FEDER, está disposta a dar cartos para que Compostela teña una nova depuradora, pero o prazo para que a obra se licite non pode exceder deste 2013. Non falamos só da perda desta axuda, senón da probábel multa por incumprimento da Directiva 91/271/CEE. Existe xa una sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo de abril de 2011 na que se proba que o estado español ten incumplido as súas obrigas no aspecto devandito.

De non executarse desta vez a depuración prometida, a Plataforma será a primeira en denunciar a situación de incumprimento diante dos organismos europeos. Mais, considereuse proceder antes a demandar actuacións directamente ante os organismos responsábeis. Así en 2012, a Plataforma entrevistouse coa concelleira de Medio Ambiente do Concello de Santiago, con concelleiros do BNG e PSOE, con EU, cunha concelleira do equipo de goberno de Ames, co Presidente de Augas de Galicia e cos representantes no Parlamento galego do PP, PSOE e BNG. Con preocupación vemos que os orzamentos do Estado para 2013 só destinan 500.000 euros para a nova EDAR, fronte aos 5 millóns agardados. O 14 de febreiro deste ano nunha nova entrevista, o Presidente de Augas de Galicia asegurounos que as obras do colector xeral de Compostela estarían renovadas en tres meses e que a nova depuradora estaría funcionando en 2016. Outra entrevista con María Cas-

telao, do concello de Santiago, segue sen resposta. Proximamente prevemos entrevistarnos co alcalde de Padrón polo dito da "depuración" do polígono de Pazos.

E como os soños non teñen cancelas, quixeramos que algún día o Sar contase cunha senda en todo o seu percurso para que calquera persoa puidese disfrutar cunha bandada de parrulos ou cunha londra; ou pararse a escoitar o vento ao pé dun cruceiro; ou coller forzas cunha caña e un pincho de tortilla no Muíño do Cuncheiro, ou na casa de turismo rural do Sixto; ou achegarnos ao Pazo do Faramello, a primeira fábrica de papel de Galiza; ou ao de Lestrobe, lugar de repouso dos bispos composteláns; ou á fermosa colexiata de Sar ou ao Castelo da Rocha, onde a mitra compostelá buscaba refuxio cando a plebe se enfurecía; ou ao cas-

tro Lupario, onde a tradición pon aos discípulos de Santiago pedindo uns bois para levar o corpo santo; ou achegámonos á casa de todos os galegos, á Casa de Rosalía; ou ao propio Camiño de Santiago, o procedente de Portugal, que pasa ignominiosamente polo colector da ponte da Rocha, un dos puntos actualmente máis contaminados e onde, inocentemente, se lavan os peregrinos.

Todo isto, todo!, naceu da fertilidade do Sar. Todo isto é o Sar e así o queremos. Porque o ambiente é fonte de saúde e de calidade de vida, non queremos medio ambiente; nós, queremos o todo!

\* Xosé M. Penas Patiño é membro da Plataforma pola Recuperación do Sar.



Ducias de troitas mortas no Sar, a carón do Camiño de Santiago.